

RESOLUCIÓN SOBRE A ASIGNACIÓN DUNHA PRAZA DE TITULAR DE UNIVERSIDADE DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019

ANTECEDENTES

A Resolución do vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente do 05/04/2019, pola que se aprobaba a relación definitiva e prelación de solicitudes de convocatoria na súa área de coñecemento dunha praza con cargo á Oferta Pública de Emprego (OEP) do ano 2019, asignaba no posto 8 das prazas de Titular de Universidade una convocatoria á área de Fisioloxía Vexetal para posibilitar a promoción de "S P, C".

O día 18 de setembro de 2019 comunicouse, pola persoa que solicitara esa promoción, que por Resolución do 26/07/2019 do *Secretario General de Universidades* foille concedido o certificado I3. Como consecuencia de ter acadado este certificado solicita que se convoque a praza da OEP 2019, mencionado no primeiro parágrafo, con cargo a reserva legal de prazas que na OEP se destinan aos/ás investigadores/as que posúan esa certificación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A OEP do ano 2019 da Universidade da Coruña, aprobada por Acordo do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2019 e publicada por Resolución do 8 de abril de 2019 no DOG do 16/04/2019, establecía unha oferta de 42 prazas de Titular de Universidade, das que catro resérvanse para "*persoal investigador doutor que finalizase o programa Ramón y Cajal e dispoña da certificación I3. No caso de que non se utilicen todas as prazas previstas nesta reserva, estas poderanse ofertar a outros investigadores de programas de excelencia, nacionais ou internacionais e que obtivesen o certificado I3.*"

A Convocatoria para o establecemento dunha listaxe de prelación para a execución da oferta de emprego público do ano 2019 en relación á convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade e de Profesor/a Titular de Universidade do 08/03/2019, establecía na disposición 3 a posibilidade de solicitar unha das prazas reservadas para investigadores/as con certificado I3.

A vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente entende que os motivos alegados na súa solicitude por "S P, C" producirá efectos favorables á persoa interesada e non lesiona dereitos ou intereses doutras persoas, máis ben todo o contrario, xa que beneficiará a persoa que ocupaba o posto 1 das Áreas de coñecemento onde non se poden convocar prazas de Titular de Universidade con cargo á Oferta de Emprego Público do ano 2019 desa resolución.

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 39.3 establece que excepcionalmente, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos "*...cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existisen xa na data a que se retrotraía a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.*". A persoa interesada acreditou na data de presentación de solicitudes da convocatoria de prelación do 08/03/2019 que xa tiña presentada a solicitude para a obtención do certificado I3, pero non recibiu resposta a esta petición ata o mes de xullo de 2019.

O Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente é competente para acordar a resolución deste expediente, ao delegar o Consello de Goberno na disposición adicional primeira do Regulamento polo que se establecen os criterios para o

Código Seguro De Verificación	0M4ccZqd2u0MrVHIA/T9CA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	25/09/2019 14:39:10
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0M4ccZqd2u0MrVHIA/T9CA==		



desenvolvemento das ofertas de emprego público (aprobado en Consello de Goberno do 27/04/2017 e modificado no do 28/02/2018 e do 27/02/2019) na Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente a elaboración da prelación de prazas.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Primeiro.- Asignar unha praza de Titular de Universidade das reservadas na OEP 2019 para investigadores/as que obtivesen o certificado I3 á asignada no posto 8 das prazas de Titular de Universidade na Resolución do 05/04/2019, na área de coñecemento de Fisioloxía Vexetal e que fora solicitada por "S P, C".

Segundo.- Como consecuencia da asignación anterior, a praza de Titular de Universidade liberada é concedida, para posibilitar a promoción de "L M, M", á área de coñecemento de Bioquímica e Bioloxía Molecular, ao ser a solicitude que figura no posto 1 das Áreas de coñecemento onde non se poden convocar prazas de Titular de Universidade con cargo á Oferta de Emprego Público do ano 2019 da Resolución do 05/04/2019.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a Xurisdición Contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da Universidade da Coruña, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso administrativa. Potestativamente, poderase interpor recurso de reposición ante o Consello de Goberno, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da antedita publicación, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente
Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	0M4ccZqd2u0MrVHIA/T9CA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	25/09/2019 14:39:10
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0M4ccZqd2u0MrVHIA/T9CA==		

